

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION O DIA 31 DE XULLO DE
2015**

Asistentes

SR. ALCALDE:

FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

CONCELLEIROS:

Polo BNG:

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ

BERNARDO VARELA LÓPEZ

MARIA TERESA DEVESA GRAÑA

ALBERTO CONDE RODRÍGUEZ

MARIA ISABEL POISA REY

FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO

RODRÍGUEZ

MANUEL CID PÉREZ

Polo PP:

JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ

MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ

Polo PSdeG-PSOE:

ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA

SECRETARIO:

Don Maximino Jardón Pedras

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Allariz, cando son as VINTE HORAS (20:00) do dia TRINTA E ÚN de XULLO do DOUS MIL QUINCE, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros á marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco García Suárez, a fin de celebrar unha sesión ordinaria polo Pleno da Corporación.

Sen incidencias.

Non asistiron á sesión as concelleiras, M^a Elena Suárez Estévez, do BNG, e Luz Doporto Real, do PP, quenes previamente excusaron a súa presenza.

---***---

O Sr. Alcalde abriu formalmente a sesión do Pleno para tratar o seguintes asuntos:

ORDE DO DIA

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador acta da sesión anterior**
2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**
3. **Regulamento da marca “carne de boi de Allariz”.- Aprobación inicial, se procede.**
4. **Festivos locais 2016.- Aprobación, se procede.**
5. **Rogos e Preguntas.**

---***---

1. ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador acta da sesión anterior

Quedou aprobado sen modificación algunha pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta corporación local.

2. Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.

Están a disposición dos grupos políticos no Libro de Decretos na secretaría, sinala o alcalde.

3. Regulamento da marca “carne de boi de Allariz”.- Aprobación inicial, se procede.

Da conta o concelleiro de medio ambiente, Barnardo Varela López, sinalando que o proxecto da carne de boi xurdiu fai cinco anos cando se empezou a colaborar coa Asociación de Montes Veciñais en Man Común de Penamá para a posta en valor dos becerros de casta limiá que alí se estaban criando e que estaban acadando un valor de mercado escaso. Daquela, empezouse a pensar na idea de producir carne de boi en Allariz que, para este tipo de animal, ten que acadar unha idade mínima de cinco anos. Co tempo foron integrándose novas explotacións gandeiras que se adican tamén á cria e engorde de bois para o mercado de Allariz, para a hostelería que se beneficia dun tipo de carne de calidade e cunha demanda que aprecia este tipo de carne, na parte baixa da tempada do turismo, como son os meses do outono. A partires de ahí o que se está a facer con este regulamento é algo similar ao que xa se fixera coa posta en valor dos licores, dos amendoados e outros produtos artesáns: tratar, neste caso, de dar unha marca de calidade a esta carne de boi para garantir aos consumidores que se achegan a Allariz que o que están a degustar é carne de boi de Allariz. Eso explica que a esixencia de que as razas de procedencia sexan autóctonas (Limiá, Vianesa, Caldelá, Frieiresa e Cachena), que os animais sacrificados teñan mais de catro anos de vida, criados en gandeiría extensiva e que polo menos o último ano de vida deba ser dentro do territorio da Reserva da Biosfera Área de Allariz.

A tramitación é a ordinaria propia dunha norma de carácter regulamentario cun período de exposición de trinta días hábiles para que se podan facer suxerencias, alegacións e reclamacións, para que, finalmente, o concello dispoña desta marca únicamente usada tanto polos produtores como os hosteleiros que cumplan as condicións que nél se establecen e ofrezca unha garantía aos consumidores, pero que tamén ten que servir de reforzo para as explotacións gandeiras, como de reforzo e protección do medio ambiente e tamén da hostelería alaricana.

Polo grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, considera moi axeitada a norma regulamentaria proposta sobre todo porque é unha forma de protexer a carne de boi de Allariz; agradece a pequena corrección que se fixo a raíz da proposta feita polo grupo popular e polo tanto apoia que continúe a súa tramitación, e que se recollan todas as propostas positivas que se podan facen ao regulamento.

Polo grupo municipal do PsdeG-PSOE, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodriguez Camba, tamén expresa o seu acordo coa proposta.

Polo exposto,

De conformidade co informe favorable da comisión de facenda do 28/07/2015, o Pleno, pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta corporación local, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar con carácter inicial o regulamento da marca "carne de boi de Allariz" que figura como anexo I da presente acta.

Segundo.- Dispor que se someta a información pública e audiencia aos interesados por prazo mínimo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e suxerencias mediante anuncio que se publicará no BOP e no Taboleiro municipal.

As reclamacións e suxerencias presentadas dentro do prazo serán resoltas polo Pleno na aprobación definitiva.

No caso de que non se presentaran reclamacións ou suxerencias, entenderáse definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, sen necesidade de acordo expreso, en cuio caso procederá á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e non entrará en vigor ata que se teña publicado completamente o seu texto e teña transcorrido o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Terceiro.- Facultar tan amplamente como en dereito proceda para que o alcalde proceda a execución deste acordo, mesmo para correxir os erros que se aprecien na redacción dos textos definitivos do regulamento.

4.- Festivos locais 2016.- Aprobación, se procede.

Da conta da proposta a concelleira de cultura, Teresa Devesa Graña, sinalando que a proposta de festivos locais para o 2016, como xa ben sendo habitual nos últimos anos, é o 9 de febreiro, martes

de entroido, e o 27 de maio, o venres do boi. A proposta, dictaminada pola comisión de facenda, conta cun amplo respaldo social, segundo o parecer do grupo de goberno, tanto de comerciantes, como de hosteleiros e veciños, e polo tanto non hai motivos para cambiar as datas.

Polo grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, reitera, tal como xa se expresou na comisión, que o seu grupo non está de acordo e vai votar en contra da proposta. Se o venres do boi é un día axeitado, non é tan axeitado o martes de entroido, que é un mais dos que xa hai na provincia e non precisamente un dos mais relevantes. Sen embargo, as festas do San Bieito son tradicionais e específicas de Allariz polo que deberían potenciarse, e unha forma de facelo é declarando festivo o venres de San Bieito. Tátase dunhas festas que tradicionalmente se celebran no verán o cal é unha vantaxe, de feito, moitos concellos cuas festas tradicionais eran propias doutra estación, acabaron buscando algún día festivo que poidera coincidir nos meses centrais do verán, xullo ou agosto, precisamente para contar coa maior afluencia de visitantes. Pois ben, Allariz xa conta con esta ventaxa de calendario e polo tanto xa non necesita cambiar de festivo, e polo tanto é unha boa ocasión para potencialas. A pesar do notable esforzo que se está a facer para reducilas á mínima expresión seguen sendo as festas tradicionais de Allariz. A título de exemplo, non hai mais que ver, sinala o concelleiro, o programa das últimas festas celebradas o venres 10 de xullo, programa completo dese día: Ás 20,30: concerto a cargo do coro do IES de Pontearéas na Igrexa de San Bieito; ás 23,00 horas, tatro da compañía Mala Sombra, D.E.P., na Casa de Cultura. Ése é o amplo programa, sinala o concelleiro, para o venres das festas tradicionais de S. Bieito. Claro, o programa do sábado é mais amplo: os actos previstos xa non eran dous senón catro, se ben ún deles consistía no disparo de bombas anunciando as festas, co cal, mais ben quedarían reducidos a tres eventos. Con este programa de festas, e non declarando festivo o venres, están a punto de conquistar a súa desaparición. Así como antes se falaba de defender valores tradicionais de Allariz (amendoados, licores...), mesmo o boi que está en alza, que o PP apoia, co regulamente que se acaba de apoiar, tamén sería normal, lóxico, defender o noso, e as festas tradicionais tamén o son, e desde logo eiquí non se está facendo nada para defender o noso, no que se refire a festas tradicionais, senón todo o contrario, estase axudando a que desaparezan con este programa e non declarando festivo o venres, tratando de sustituila por outra, o martes de entroido, que non é relevante en Allariz. O PP cree que se teñen que potenciar as festas tradicionais de S. Bieito e unha forma de facelo é declarar festivo o venres.

Polo grupo municipal do PsdeG-PSOE, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, está de acordo co martes do entroido, considera que a relevancia que ten no ámbito de provincia é o suficientemente importante como para que Allariz tamén o considere un día festivo local. Totalmente de acordo, conclúe.

Intervén a continuación o Alcalde para sinalar que, a pesar de que é un tema recorrente, sen embargo dentro da sociedade de Allariz tal polémica non existe. Recorda que o goberno municipal chegou a declarar festivo un venres de S. Bieito para probar na práctica se tiña aceptación, ver se afectaba substancialmente a declaración de festivo local. O certo é que o contraste que se fixo con comerciantes, con hosteleiros, levou a modificar esa previsión. Anteriormente, as festas celebrábanse durante o sábado, domingo, luns e martes, pero tamén é certo que desde hai 26 anos celébranse ininterrompidamente porque é o concello quen as organiza, porque antes mantiñase esa incertidume de saber se as habería ou non porque dependía de que se constituira unha comisión de festas que ao mellor non o facía. O grupo de goberno, sinala, ten todo o interese en que se fagan e se celebren, como é a verbena do sábado, o combate naval, e tamén os restantes actos programados. Pero tamén é certo que os hábitos cambiaron, cambiou a sociedade, pero tamén eso mesmo lle sucede a outras festas

tradicionais, padroais, noutros lugares, que están tendo unha menor afluencia froito do cambio sociolóxico que se ten producido.

Con respecto aos actos do programa, recorda que o concello ten programado verbenas o venres con orquesta que vale, catro mil ou cinco mil euros, co resultado que non hai demanda para esa actividade. Por outro lado, declarar festivo local o venres tamén ten unhas consecuencias para o comercio local, que implica o peche dos establecementos, o cal, cando se fixo, moitos comercios abrían, de modo que a percepción de día festivo tampoco se daba por moito que administrativamente se fixera a declaración.

O grupo de goberno, sinala, está aberto e agarda dos partidos e tamén das asociacións todas as suxerencias que se queiran facer en relación á programación e tamén á mellora da festa para o 2016, dentro do axuste económico que hai que facer e que tamén se ten apreciado na programación das festas como é lóxico, pero tamén en proporción á afluencia que tiñan as distintas actividades, p. ex. reducíronse os gastos en verbenas porque realmente non tiñan demanda, pero outros actos reforzáronse. En definitiva, considera que a proposta do grupo de goberno está motivada e razoada por motivos de cambio sociolóxico pero tamén por razóns de incentivación e promoción económica, o martes do entroido, é o día mais relevante do entroido, e se non se declarara festivo, mesmo se dificultaría que tivese a aceptación social que ten en tantos concellos. Reitera estar aberto a mellorar a programación do venres de S. Bieito pero hai que recoñecer que ten habido un cambio sociolóxico que fai que as cousas xan non son como foron.

No turno de réplica, o concelleiro do Partido Popular, José Daniel Rodicio Pérez, recoñece que a sociedade evolucionou, cambiou, pero o que hai que facer é adaptar a programación á nova realidade sociolóxica; ao mellor, o tipo de actos que había antes xa non son os que atraen á xente e haberá que poñer outro tipo de actuación. O programa previsto para o venres 10 e sábado 11 pasados é mais curto que o programa de calquer fin de semana que hai en Allariz, sinala o concelleiro. Tiveron mais relevancia as festas de Coira, que é un pobiño, que os dous días programados para o venres e sábado de S. Bieito. Outro exemplo mais: Soutomaior, en Taboadela, cunha programación diferente atrae unha gran afluencia; aclara que non ten por qué ser ese tipo de eventos necesariamente, é un exemplo que serve para facer ver que hai alternativas que se poden incluír no programa de festas que poden ser atractivos para a xente. É posible, pero hai que querer facelo. Pódese cambiar a dinámica de decaemento total das festas de S. Bieito, o que non se pode é axudar a caigan definitivamente, que é o que se está a facer, non hai mais que ver o programa, sinala. Haberá que programar outras actividades adaptadas aos novos tempos, e se as verbenas xa non son atractivas haberá que programar outras cousas. Recorda que caen nunhas datas moi axeitadas do verán, entre a festa do boi e a festa da empanada, non hai mais que propoñerse en que non caigan.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que a festa do S. Bieito ten bastante mais relevancia e impacto que a festa de Coira. Todos teñen que ser conscientes de que o esforzo económico que está a supoñer a programación das festas de S. Bieito, entorno aos 50.000 euros, a programación é axustada, pero o combate naval é un dos eventos pirotécnicos de mais relevancia de Galicia, non é calquer cousa, que reúne a milleiros de espectadores ata as doce da noite. Acepta que se pode dar maior realce, pero isto xa é un asunto de recursos económicos dispoñibles, porque ter que axustar gastos e querer facer unha programación como a que se fai en Soutomaior, non sería posible, e tampouco sería un modelo que o equipo de goberno desexe facer. Insiste en que está aberto a estudar a programación destas festas porque non hai ánimo de querer deslucir a programación, pero reitera que a declaración de

festivo local non contribúe a incrementar o seu realce porque o comercio non respondería pechando os seus comercios e moita xente tamén polos cambios de hábitos que ten habido aproveitaría para facer “ponte” e se marcharía, por eso parece mais oportuno mellorar a programación para o venres pola tarde e fin de semana para tratar de facer as mellores festas posibles.

Polo exposto,

De conformidade co informe favorable da comisión de facenda do 28/07/2015, o Pleno, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables do BNG (8) e do PsdeG-PSOE (1), o seguinte acor:

Primeiro.- Aprobar como festas locais para o ano 2016, o 9 de febreiro, martes de entroido, e o 27 de maio, venres do boi, que serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Taballo e Benestar aos efectos oportunos.

5. Rogos e Preguntas.

Non se formularon nin por escrito nin oralmente.

E non tendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás vinte horas e vinte minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO